



Segundo Trimestre
O Marco

2º trimestre

Este documento permite facer un breve repaso das actividades máis destacadas que realizamos durante o trimestre.

O segundo trimestre empeza coa chegada á aula despois do período do Nadal, isto fai que a incorporación estea marcada pola ilusión, a alegría, o entusiasmo polo reencontro con compañeiros e compañeiras. É neste momento onde observamos os cambios a nivel físico dos que non somos conscientes cando estamos en contando diario, pero tamén se aprecian novas habilidades, ademais dunha crecente autonomía, sobre todo nos máis pequenos.

O trimestre transcorreu normalmente, con experiencias, excursións, cambio de espazos, novo material, contos e cancións. Quizais o máis destacable, é a cantidade de virus que nos atacaron durante estes meses, habendo días nos que só estivemos dous alumnos/as na aula.

Pero polo que estará marcado este trimestre é pola chegada do Coronavirus, o que nos impediu finalizalo con normalidade e poder realizar todas as actividades que tiñamos programadas.

A min persoalmente, como docente, o que me esta facendo ver este confinamento, é a forza, a paciencia e a capacidade de adaptación que teñen os nenos e as nenas, moito máis do que poida ter calquera adulto. Para o min eles e elas son os heroes desta historia.

Ánimo Equipo Marco!



Chegaron os Reis o Marco

O primeiro día na aula foi unha festa, tiñamos unha morea de agasallos por abrir: xogos de mesa, contos, xoguetes para os recantos...


...e mil e unha historias que contar.

Celebración de vida Aniversarios de Mateo e Adam

A celebración do aniversario é
un momento moi importante.


Festexamos os aniversarios de
decembro na primeira semana de
xaneiro.





Xogo de luces

Na aula dispoñemos dun espazo para xogar coa luz, pero no mes de xaneiro fixemos una proposta máis ampla na que podían xogar con máis materiais.





Desenvolvimento artístico

Cando se pide na aula que veñan con roupa vella, é porque en algo de arte imos a andar. Durante este trimestre presentamos a artistas como Yayoi Kusama, Mondrian ou Okuda.





Si, chef!

No Marco gústanos cocinar. Aproveitamos que comenzamos a traballar os xogos olímpicos fixemos sushi.

Día da paz

Celebramos o día da paz contando a historia de Wangari e despois pintamos libremente as árbores da paz.





Xogos olímpicos

O proxecto dos xogos olímpicos, no que nos embarcamos no segundo trimestre, tivo unha parte de traballo de mesa e rexistro da información. Entre outras cousas, aprendimos o nome das mascotas, fixemos a nosa propia medalla olímpica e rexistramos no mapa onde estaba Tokio.

Entroido

Isto nos levou a confeccionar o noso disfraz para o Entroido como deportistas de elite dos Xogos Olímpicos.





Excursión ó teatro

Sin lugar a dúbidas o que máis lles gustou desta excursión foi o ratiño que pasamos no parque, todos/as eran deportistas facendo ximnasia artística.



Isto non é unha caixa

Nesta actividade escoitáronse cousas como: Que hai dentro desa caixa? Podemos subilas facendo unha torre... Podemos rompelas... Podemos xuntalas todas... Esta é a miña casita... Tamén houbo quen decidiu non participar, e afastarse a un lugar máis tranquilo. Todas as respostas son ben recibidas.



Pintamos a cegas

Dentro da investigación dos xogos olímpicos, falamos dos paralímpicos, descubrimos que había deportistas cegos, e decimos comprobar a nosa habilidade facendo algo a cegas, coa axuda da nosa parella.



Sal e algo máis

Transvasaron, comeron sal, fixeron formas e debuxos, agocharon os pes e as mans...





A horta

A nosa horta aínda non estaba preparada para facer unha boa plantación, así que decidimos facer a plantación en tarros.





As regretas Cuisenaire

Iniciámonos no uso das regretas: manipulación libre e agrupación por cores.



Rosalía

Tiñamos programada para este trimestre unha visita á casa de Rosalía, por eso traballamos a súa figura na aula de xeito artístico.



Semana da prensa

Manipulamos xornais,
escribimos noticias,
utilizamos as follas de lenzo,
buscamos letras agochadas.



Xogo con papel de xornal





O noso lenzo un folla de xornal

Con esta actividade artística e a creación dun museo no exterior rematou o trimestre de xeito inesperado.